

5.-NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA.

5.1.- Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos, dentro dos límites máximos definidos no réxime de axudas.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 establece que a distribución dos fondos públicos destinados ás estratexias de desenvolvemento do Programa Leader, se axustarán ás porcentaxes seguintes:

- O 25% dos fondos públicos para actuacións que se encadren nos obxectivos da medida 411- Dinamización do sector agrario e forestal.
- O 5% dos fondos públicos para actuacións que se encadren nos obxectivos da medida 412- Mellora medioambiental e do contorno rural.
- O 70% dos fondos públicos para actuacións que se encadren nos obxectivos da medida 413- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Do total de fondos públicos asignados a cada estratexia de desenvolvemento rural, polo menos o 75% destinarase a financiar proxectos produtivos, desta forma, a porcentaxe de fondos públicos destinados a proxectos non produtivos non será superior ao 25%.

O importe e porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos **proxectos produtivos** virá determinado polos límites establecidos para cada medida, axustándose ao disposto na normativa sobre axudas do Estado.

5.1.1.-Financiamento na Medida 411.

Así, a intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da **medida 411** non excederá dos seguintes límites porcentuais e cuantitativos:

- Porcentaxe máxima de axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.

Limitacións:

- No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fóra das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña: 40% sobre o gasto subvencionable.
- No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25%.
- Importe máximo de axuda: 250.000 €

5.1.2.-Financiamento na Medida 412.

No marco da **medida 412** poderán subvencionarse proxectos de investimento de carácter non produtivo onde as axudas non excederán dos seguintes limites porcentuais e cuantitativos:

- Porcentaxe máximo de axuda pública: ata o 100%, cos seguintes límites:
 - Proxectos non produtivos de prioridade alta: intensidade de axuda ata o 100%.
 - Proxectos non produtivos de prioridade media: intensidade de axuda ata o 70%.
 - Outros proxectos non produtivos: intensidade de axuda ata o 50%.
- Importe máximo de axuda pública: 250.000 €

5.1.3.-Financiamento na Medida 413.

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da **medida 413** non excederá dos seguintes limites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

1. Para proxectos vinculados á diversificación cara actividades non agrarias e de creación, ampliación e modernización de Pemes:

- 45% do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de pequena empresa, ou 40% do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de mediana empresa. O beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de, polo menos, o 25% dos custos subvencionables, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.
- Importe máximo de axuda: 250.000 €

2. Para proxectos vinculados ao fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural, e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

2.1. Proxectos de natureza produtiva

- Porcentaxe máxima de axuda, 45% sobre o gasto subvencionable
- Importe máximo de axuda: 200.000 €

2.2. Proxectos de natureza non produtiva

- Porcentaxe máximo de axuda pública: ata o 100%, cos seguintes límites:
 - Proxectos non produtivos de prioridade alta: intensidade de axuda ata o 100%.
 - Proxectos non produtivos de prioridade media: intensidade de axuda ata o 70%.
 - Outros proxectos non produtivos: intensidade de axuda ata o 50%.
- Importe máximo de axuda pública: 250.000 €

3. Para gastos de formación vinculados a proxectos de investimento material promovidos no marco desta medida.

- Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%, sen prexuízo dos límites que, de ser o caso, se establezan no programa de desenvolvemento rural.
- Importe máximo de axuda: 200.000 € (durante un período de 3 exercicios fiscais).

As axudas concedidas no marco do programa Leader **serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario**, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). En particular, de acordo co disposto no artigo 70.7º, parágrafo 2, do Regulamento (CE) nº 1698/2005, serán incompatibles con outras axudas cofinanciadas con Feader, encadradas en calquera dos outros Eixos do PDR de Galicia 2007-2013.

Coa salvidade anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

-O importe acumulado das axudas non exceda do custo da actividade subvencionada.

-O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado.

Por outra banda, dentro da liberdade de promover proxectos encadrados nas medidas anteditas, de cara a evitar diverxencias entre as actuacións incentivadas dende distintas administración públicas e para buscar a maior complementariedade posible entre as mesmas, nalgúns sectores cómpre establecer limitacións adicionais:

- **Investimentos en centros destinados a prestación de servizos de igualdade e benestar á poboación.** Non son subvencionables dentro do programa Leader os centros residencia de maiores e os centros de protección e reeducación de menores. Non están afectados por esta exclusión as vivendas comunitarias, vivendas tuteladas e centros de día de maiores non dependentes. Os proxectos promovidos por entidades públicas e destinados á prestación de servizos do ámbito de actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar só serán subvencionables cando a xestión dese centro se integre en dito Consorcio.
- **Investimentos en establecementos turísticos.** Quedan excluídos de subvencionalidade dentro do programa Leader os establecementos de turismo rural do grupo "D". Nos establecementos de turismo rural dos grupos A e B e nos establecementos hoteleiros (tanto os de carácter xenérico como calquera das súas especialidades, de natureza, rústico,...) non son financiáveis investimentos en novas prazas de aloxamento. Nos establecementos de turismo rural do grupo C os investimentos que impliquen creación de novas prazas de aloxamento só serán financiáveis nos concellos nos que se acredite a través dun informe conxunto entre Agader e a Dirección Xeral de Turismo a escaseza de prazas. Nos proxectos de investimento que inclúan as prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra actividade principal (educativa, cultural, etc.), o gasto vinculado ás prazas de aloxamento será elixible cando constitúa unha partida minoritaria dentro do proxecto (menor do 30% do investimento).
- **Investimentos no sector das enerxías renovables.** Quedan excluídos de financiamento dentro do programa Leader investimentos en enerxías renovables para venda á rede.
- **Investimentos en actividades económicas do sector servizos.** Nos sectores de hostalería e comercio polo miúdo só son subvencionables establecementos dedicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio onde se ubiquen. Os investimentos en actividades de asesoría, axencias de seguros, perruquerías, tinturerías, talleres de reparacións, despachos profesionais e asimiladas só serán subvencionables en núcleos de poboación onde non haxa ningún establecemento que preste ese servizo
- **Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web,** terán un límite máximo de axuda de 30.000 € por proxecto.
- **Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento.** Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

5.2.- Criterios para a selección e priorización de proxectos: baremo e regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública.

5.2.1.-Requisitos de subvencionalidade e criterios de carácter obrigatorio dos proxectos.

Inicialmente establecéronse uns requisitos de subvencionalidade para todos os proxectos, polo que en caso de incumprimento de algún deles será causa de denegación do proxecto. Estes requisitos son os seguintes:

- Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se formulan no territorio.
- Viabilidade do proxecto, debe ser viable técnica, económica e financeiramente para os proxectos de natureza productiva.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

Así mesmo, establecéronse unha serie de criterios que teñen o carácter de obrigatorios, polo que o incumprimento de algún destes criterios será causa de denegación do proxecto. Os criterios de obrigatorio cumprimento son:

1. O proxecto deberase acometer na zona de aplicación do Programa (Comarca de O Salnés): Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Quedando excluídas as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e os parques empresariais dos municipios de Cambados, O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e A Illa de Arousa.

O ámbito destas entidades singulares de poboación será o definido polo INE sen incluír as zonas de aplicación dos Plans Especiais dos Portos de todas elas e coa delimitación establecida pola oficina do catastro de cada Concello, de maneira que no caso de dúbida, requiriráselle un informe a

este departamento para que indique se o proxecto se localiza dentro destas entidades singulares de poboación excluídas ou non.

2. Os beneficiarios deben estar ao corrente das obrigacións tributarias e da seguridade social.
3. Que o proxecto non este iniciado antes de solicita-la axuda. Sen embargo, poderanse subvencionar fases de proxectos globais xa iniciados cando esas fases poidan seren consideradas como proxectos finalistas en sí mesmas, sendo obxecto da solicitude de axuda as devanditas fases finalistas non iniciadas. Entenderase por fase ou proxecto finalista o proceso que conduza á obtención dun resultado final propio, aínda que dependa da execución doutras partes ou proxectos, previos ou paralelos, para a súa obtención.
4. O destino das inversións debe manterse ao menos durante 5 anos dende a certificación da finalización das inversións, a menos que exista lexislación específica máis restritiva ao respecto.
5. No caso de iniciativas de natureza produtiva todos os beneficiarios deberán cumprir os requisitos de pequena empresa relacionados coa cifra de negocios, número de empregados e balance xeral que se indican no convenio a firmar entre o Grupo de Acción Local e as Administracións que financien.
6. Presentar proxectos con viabilidade técnica, económica e financeira.
7. Respetar as normativas urbanísticas vixentes, dispoñer de permisos, autorizacións, inscricións e rexistros e/ou calquera outros requirimentos que sexan exhibibles pola Comunidade Autónoma e/ou municipio, para o tipo de mellora ou actividade de que se trate.

5.2.2.- Baremo para proxectos produtivos (Max. 100 puntos).

Os criterios para a selección e priorización de proxectos produtivos estarán definidos en torno a 4 grandes eixes ou bloques da forma que se recolle na táboa incluída a continuación:

BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS	Puntuación Máxima
Criterios relativos á localización xeográfica	40
Características do promotor do proxecto	10
Incidencia no emprego	25
Impacto sobre o territorio	25
TOTAL PUNTUACIÓN MÁXIMA	100

5.2.2.1.- Criterios relativos á localización xeográfica (Max. 40 puntos).

Os criterios e a valoración máxima dos proxectos en base a situación xeográfica establecerase en base a 4 criterios da forma que se recolle na táboa incluída a continuación:

Localización xeográficas	Puntuación Máxima
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.	10
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.	15
Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto.	10
Outros criterios xeográficos.	5
TOTAL PUNTUACIÓN	40

5.2.2.1.1 *Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (Max. 10 puntos).*

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración en base o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos do ano 2002, publicado polo Instituto Galego de Estatística.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función da porcentaxe do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos, en relación coa media galega.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Indicador Municipal de Renda dos fogares (IMRF) ano 2002	10	Inferior ou igual ao 80% da media galega	10
		Maior do 80% e menor ou igual ao 85%	8
		Maior do 85% e menor ou igual ao 90%	6
		Maior do 90% e menor ou igual ao 95%	4
		Maior do 95% e menor ou igual ao 100%	2
		Maior do 100%	0

Concello	IMRF	Puntuación
Cambados	92	4
Grove, O	103	0
Illa de Arousa, A	79	10
Meaño	87	6
Meis	81	8
Ribadumia	87	6
Sanxenxo	95	4
Vilagarcía de Arousa	95	4
Vilanova de Arousa	95	4

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.2.2.1.2 *Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (Max. 15 puntos acumulables).*

DEFINICIÓN: Utilizaranse neste apartado dous indicadores relativos a estrutura e dinámica da poboación (variación da poboación entre os anos 2002 e 2007 e índice de avellentamento).

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

O primeiro aspecto a valorar neste criterio é a porcentaxe de variación da poboación entre os anos 2002-2007.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Variación da poboación 2002/2007	7,5	Caída de poboación	7,5
		Aumento da poboación máximo do 1,5%	4
		Aumento da poboación entre un 1,5% e 2,5%	3
		Aumento da poboación entre un 2,5% e 5%	2
		Aumento da poboación entre un 5% e 10%	1
		Aumento da poboación de máis dun 10%	0

Concello	Variación da poboación 2002-2007	Puntuación
Cambados	1,14%	4
Grove, O	1,36%	4
Illa de Arousa, A	0,08%	4
Meaño	1,76%	3
Meis	-0,54%	7,5
Ribadumia	11,38%	0
Sanxenxo	5,27%	1
Vilagarcía de Arousa	8,36%	1
Vilanova de Arousa	2,51%	2

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

O segundo aspecto valorable é o índice de avellentamento do concello correspondente ao ano 2006.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Índice de avellentamento ano 2006	7,5	Índice avellentamento superior a 100	7,5
		Índice avellentamento entre 95 e 100	4
		Índice avellentamento entre 90 e 95	3
		Índice avellentamento entre 85 e 90	2
		Índice avellentamento entre 80 e 95	1
		Índice avellentamento menor de 80	0

Concello	Índice de avellentamento	Puntuación
Cambados	85,7	2
Grove, O	88,2	2
Illa de Arousa, A	84,0	1
Meaño	96,6	4
Meis	129,6	7,5
Ribadumia	108,1	7,5
Sanxenxo	90,9	3
Vilagarcía de Arousa	86,1	2
Vilanova de Arousa	103,8	7,5

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.2.2.1.3 **Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto. (Max. 10 puntos).**

DEFINICIÓN: Valorarase neste punto o tamaño dos núcleos de poboación onde se localizará o proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación terá unha relación inversa co tamaño dos núcleos, así será maior canto menor sexa o tamaño do núcleo de poboación onde se localice o proxecto.

Aspectos	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Núcleo ou entidades de poboación (habitantes ano 2007)	10	Menor ou igual a 50 hab.	10
		Entre 51 e 100 hab.	9
		Entre 101 e 250 hab.	8
		Entre 251 e 500 hab.	6
		Entre 501 e 1000 hab.	4
		Entre 1001 e 1500 hab.	2
		Entre 1501 e 1999 hab.	1
		Maior de 2000 hab.	0

Cando se trate dun **proxecto que se realice en varias entidades de poboación ou lugares**, este recibirá neste apartado a puntuación do lugar/entidade de poboación coa puntuación máis alta.

5.2.2.1.4 Outros criterios xeográficos. (Max. 5 puntos).

DEFINICIÓN: Valoraranse aspectos relativos a situación xeográfica da actuación como pode ser se é un Espazo Natural.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación farase entorno aos dous aspectos mencionados. Se a localización da actuación é un Espazo Natural Protexido outorgaráselle a máxima puntuación (5 puntos).

Aspectos	Puntuación Máxima
Espazo Natural Protexido	5

5.2.2.2.- Características do promotor do proxecto. (Max. 10 puntos).

Os criterios que se valorarán en canto as características do promotor serán:

Características do promotor que se valoran	Puntuación Máxima
Tipoloxía do promotor	6
Iniciativas solicitadas por un promotor	2
Uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto	2
TOTAL PUNTUACIÓN	10

5.2.2.2.1 Tipoloxía do promotor. (Max. 6 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valorarase si o promotor é individual ou colectivo. Entenderase por **promotor individual** as Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física e por

promotores colectivos o resto de promotores (empresas formadas por mais dun socio, cooperativas, empresas de economía social, concellos, asociacións, comunidades de montes, ...).

No caso de entidades privadas valoraranse diferentes aspectos dependendo de si o promotor é unha persoa física ou xurídica. No caso de entidades públicas valorarase a aqueles promotores que fomenten un equilibrio territorial favorecendo unha equidistribución das rendas e da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociado unha puntuación máxima, que é acumulable. A puntuación máxima para cada un destes aspectos móstrase nas táboas seguintes:

Tramos de Valoración do Número de Promotores	Puntuación Máxima por Tramo
Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física)	1
Colectivo (resto de promotores)	3

Dependendo da forma do promotor valóranse distintos factores. Para cada un destes factores establécense uns tramos de valoración máxima que se detallan a continuación.

- **Factores de valoración das Persoas Físicas. (Max. 3 puntos).**

Valorarase en maior medida que o promotor sexa muller, que sexa menor de 30 anos ou maior de 45 e que leve desempregado durante máis de dous anos, dado que segundo datos do territorio e o Análise Estratéxico de O Salnés este colectivo descrito encontrase nunha situación desfavorecida. Collerase a puntuación máis alta obtida nun dos dous aspectos, é dicir, a puntuación máxima serán 3 puntos.

Factores de Valoración das Persoas Físicas	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Sexo	3	Muller	3
Idade	3	Menor ou igual a 30 anos	2
		Maior de 45 anos	3
Tipo de colectivo	3	Persoas con discapacidade	3

- **Factores de valoración das seguintes Persoas Xurídicas: Sociedade Anónima, Limitada, Cooperativas e Empresas de Economía Social. (Max. 3 puntos).**

En relación a estas Persoas Xurídicas, preténdese favorecer ás pequenas e medianas empresas tratando de incrementar a súa competitividade e axudar á consolidación das mesmas. Collerase a puntuación máis alta obtida nalgún dos tres aspectos, é dicir, a puntuación máxima serán 3 puntos. No caso da perspectiva de xénero, valorarase que polo menos figure unha muller como administradora nos estatutos da sociedade, para poder obter os 3 puntos.

Factores de Valoración das Persoas Xurídicas	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Antigüidade	3	Menor ou igual a 5 anos	3
		Maior de 5 anos	1
Condición xurídica	3	Sociedades Anónimas (SA)	1
		Sociedades Limitadas (SL)	2
		Cooperativas e empresas de economía social	3
Mulleres administradoras	3	Mínimo unha Muller	3

- **Factores de valoración de outras formas non contempladas nas anteriores. (Max. 3 puntos).**

Preténdese que exista na comarca un equilibrio territorial favorecendo unha equidistribución das rendas e da poboación e que se apoie a aqueles colectivos máis desfavorecidos. Así, valorarase en maior medida aos promotores que presenten actuacións dirixidas a colectivos de mulleres, mozos/mozas (menores e

igual de 30 anos), persoas con discapacidade, persoas maiores (maiores 65 anos) ou inmigrantes, segundo a táboa de baremación incluída a continuación. Collerase a puntuación máis alta obtida nalgún dos tres aspectos, é dicir, a puntuación máxima serán 3 puntos

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Antigüidade	3	Menor ou igual a 5 anos	3
		Maior de 5 anos	1
Tipoloxía de colectivo que promove a actuación ou proxecto	3	Colectivos de mulleres, mozos/mozas (< ou = 30 anos), persoas con discapacidade, persoas maiores (>65 anos), inmigrantes ou parados.	3

5.2.2.2 *Iniciativas solicitadas por un mesmo promotor. (Max. 2 puntos).*

DEFINICIÓN: Valorarase o número de iniciativas presenta directa ou indirectamente (en colaboración) cada promotor, tratando de alcanzar e beneficiar ao maior número de colectivos locais posible.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función do número de iniciativas ás que se presente o promotor.

Aspectos	Puntuación Máxima
A primeira acción	2
A segunda acción	1
A terceira e seguintes accións	0

5.2.2.2.3 *Uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto. (Max. 2 puntos).*

DEFINICIÓN: Valorarase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación será outorgada en base ao uso ou non do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto (de acordo co previsto no artigo 20.2.I da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Factores de Valoración	Puntuación Máxima
Uso do galego na execución ou desenvolvemento do proxecto	2

5.2.2.3.- *Incidencia no emprego. (Max. 25 puntos)*

Outro bloque de criterios tidos en conta son a influencia dos proxectos na creación de emprego. Os criterios contidos neste bloque son:

Incidencia no emprego	Puntuación Máxima
Creación de emprego	15
Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos	10
TOTAL PUNTUACIÓN	25

5.2.2.3.1 *Creación de emprego. (Max. 15 puntos).*

DEFINICIÓN: Valorarase a creación do emprego tendo en conta o número de postos e o tipo de contrato: fixo ou eventual. Preténdese potenciar a creación do emprego estable na comarca dados a evolución dos índices de desemprego. Entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A) Entes privados.

Valorarase o número de empregos creados diferenciando o carácter fixo e eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o número de postos e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima primando sempre a creación do emprego estable e o maior número de postos de traballo creados (**Postos de traballo equivalentes a tempo completo**, entendido isto como o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo).

		Número de postos creados		
		Menor ou igual a 2	Máis de 2 e menor ou igual a 4	Máis de 4
Tipo de empregos creados	Fixos	5	8	12
	Eventuais	3	6	10

NOTA: no caso non crear ningún posto de traballo outorgarase 0 puntos.

B) Entes Públicos.

Valorarase o número de empregos creados directamente.

		Número de postos creados	
		Menor de 3	Maior ou igual de 3
Tipo de emprego creado	Directo	10	15

5.2.2.3.2 *Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos. (Max. 10 puntos)*

DEFINICIÓN: Valoraranse aqueles proxectos que ademais de crear e manter emprego favorezan ao colectivo de mulleres, mozos e outros colectivos desfavorecidos (discapacitados físicos e psíquicos, extoxicómanos ou emigrantes retornados). Entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A) Entes privados.

Valorarase o colectivo contratado distinguindo o carácter fixo e eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o colectivo desfavorecido e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima, que é acumulable, primando sempre a creación de emprego estable favorecendo aos colectivos desfavorecidos.

Tipo de empregos creados		Fixos (2 puntos por cada posto creado)	Eventuais (1 punto por cada posto creado)
Moedade (< 30 anos)		Ata 8 puntos	Ata 4 puntos
Mulleres	De 30 ata 45 anos	Ata 8 puntos	Ata 4 puntos
	Maiores de 45 anos	Ata 10 puntos	Ata 5 puntos
Outros colectivos desfavorecidos: discapacitados físicos, psíquicos, extoxicómanos e emigrantes retornados		Ata 10 puntos	Ata 5 puntos

B) Entes Públicos.

Valorarase ao colectivo que se vai a beneficiar de empregos directos.

Tipo de empregos creados		Directos (2 puntos por cada posto creado)
Moedade (< 30 anos)		Ata 8 puntos
Mulleres	De 30 ata 45 anos	Ata 8 puntos
	Maiores de 45 anos	Ata 10 puntos
Outros colectivos desfavorecidos: discapacitados físicos, psíquicos, extoxicómanos		Ata 10 puntos

5.2.2.4.- Impacto sobre o territorio. (Max. 25 puntos).

Os criterios e a valoración máxima relativos ao impacto que os proxectos teñen sobre o territorio son:

Impacto sobre o territorio	Puntuación Máxima
Capacidade de arrastre da actuación a desenvolver	10
Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver	5
Prioridade do obxectivo no que se enmarca a actuación a desenvolver	10
TOTAL PUNTUACIÓN	25

5.2.2.4.1 Capacidade de arrastre da actuación a desenvolver. (Max. 10 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Este criterio valorará o posible efecto multiplicador do proxecto e a súa capacidade motora para a economía da zona.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte. As puntuacións son acumulativas ata o máximo dos 10 puntos.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Transformación de produtos da zona	2	Si	2
Porcentaxe de utilización no desenvolvemento do proxecto, dentro dos inputs, de recursos	4	Maior ou igual ao 50%	4
		Entre o 50% e o 25%	2

endóxenos, que contribúa á valorización destes recursos (xustificar con facturas)		Maior ao 0 % e menor ou igual ao 25%	1
Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona	4	Non se desenvolve na actualidade unha actividade similar no concello	4

5.2.2.4.2 Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver. (Max. 5 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado a contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, a xestión de recursos hídricos, a contribución á prevención de incendios e a utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte.

Factores de Valoración	Tramos de Valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Recuperación de entornos degradados	Si aplicable	3
Utilización de Sistemas de Reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Si aplicable	2
Contribución á prevención de incendios na zona	Si aplicable	2
Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Si aplicable	3
% do orzamento adicado a temas medioambientais	Maior ou igual ao 50%	3
	Maior ao 0% e menor ao 50%	2

5.2.2.4.3 **Obxectivo no que se enmarca a actuación. (Max. 10 puntos).**

DEFINICIÓN: Valorarase neste criterio o nivel de afinidade ou encaixe nos obxectivos e liñas de financiamento definidas e priorizadas polo GDR da actuación proposta.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Para o establecemento da puntuación das actuacións ou proxectos enmarcables no programa LEADER de O Salnés tomouse como base o grado de priorización outorgada polo GDR a liña de financiamento na que se enmarca dito proxecto.

Así, as pautas que se seguen para o establecemento da puntuación máxima das actuacións ou proxectos son os seguintes:

1. Tramos segundo prioridade das Liñas de financiamento marcada polo GDR.

Factores de Valoración		Puntuación Máxima
Obxectivos	Tramos de valoración	
411.B.1, 413.C.2, 413.E.1, 412.C.1, 413.E.2, 413.D.3, 413.D.2 e 413.D.1	Liñas de financiamento cunha prioridade por riba da media do conxunto	10
411.C.3, 413.F.2, 411.A.2, 413.B.2, 413.A.1, 413.A.2, 413.A.3, 413.C.1, 412.B.1, 413.F.1, 411.E.2 e 411.E.1	Liñas de financiamento cunha prioridade na media do conxunto	7
413.B.1, 411.C.1, 411.D.1, 411.C.2, 411.A.1, 411.D.2, 411.B.3, 412.A.1 e 411.B.2	Liñas de financiamento cunha prioridade por debaixo da media do conxunto	5

2. En caso de cun criterio este relacionado con obxectivos de distinto tramo prima o de maior valor.

5.2.3.- Baremo para proxectos non produtivos. (Max. 100 puntos)

Os criterios para a selección e priorización de proxectos non produtivos estarán definidos en torno a 3 grandes eixes ou bloques:

BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS	Puntuación Máxima
Criterios relativos á localización xeográfica	40
Características do promotor do proxecto	20
Impacto sobre o territorio do proxecto	40
TOTAL PUNTUACIÓN MÁXIMA	100

5.2.3.1.- Criterios relativos á situación xeográfica. (Max. 40 puntos).

Os criterios e a valoración máxima dos proxectos en base a situación xeográfica establecerase en base aos seguintes 4 criterios:

Criterios relativos á situación xeográfica	Puntuación Máxima
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto	10
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto	15
Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto	10
Outros criterios xeográficos	5
TOTAL PUNTUACIÓN	40

5.2.3.1.1 *Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. (Max. 10 puntos).*

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración en base o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos do ano 2002, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Puntuarase en función da porcentaxe do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) dos concellos, en relación coa media galega.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Indicador Municipal de Renda dos fogares (IMRF) ano 2002	10	Inferior ou igual ao 80% da media galega	10
		Maior do 80% e menor ou igual ao 85%	8
		Maior do 85% e menor ou igual ao 90%	6
		Maior do 90% e menor ou igual ao 95%	4
		Maior do 95% e menor ou igual ao 100%	2
		Maior do 100%	0

Concello	IMRF	Puntuación
Cambados	92	4
Grove, O	103	0
Illa de Arousa, A	79	10
Meaño	87	6
Meis	81	8
Ribadumia	87	6
Sanxenxo	95	4
Vilagarcía de Arousa	95	4
Vilanova de Arousa	95	4

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.2.3.1.2 *Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. (Max. 15 puntos acumulables).*

DEFINICIÓN: Utilizaranse neste apartado dous indicadores relativos a estrutura e dinámica da poboación, o índice de variación da poboación entre os anos 2002 e 2007 e o índice de avellentamento da poboación.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

O primeiro aspecto a valorar neste criterio é a porcentaxe de variación da poboación entre os anos 2002-2007.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Variación da poboación 2002/2007	7,5	Caída de poboación	7,5
		Aumento da poboación máximo do 1,5%	4
		Aumento da poboación entre un 1,5% e 2,5%	3
		Aumento da poboación entre un 2,5% e 5%	2
		Aumento da poboación entre un 5% e 10%	1
		Aumento da poboación de máis dun 10%	0

Concello	Variación da poboación 2002-2007	Puntuación
Cambados	1,14%	4
Grove, O	1,36%	4
Illa de Arousa, A	0,08%	4
Meaño	1,76%	3
Meis	-0,54%	7,5
Ribadumia	11,38%	0
Sanxenxo	5,27%	1
Vilagarcía de Arousa	8,36%	1
Vilanova de Arousa	2,51%	2

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

O segundo aspecto a valorar é o índice de avellentamento do concello, correspondente ao ano 2006.

Aspecto	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Índice de avellentamento (IGE, ano 2006)	7,5	Índice avellentamento superior a 100	7,5
		Índice avellentamento entre 95 e 100	4
		Índice avellentamento entre 90 e 95	3
		Índice avellentamento entre 85 e 90	2
		Índice avellentamento entre 80 e 95	1
		Índice avellentamento menor de 80	0

Concello	Índice de avellentamento	Puntuación
Cambados	85,7	2
Grove, O	88,2	2
Illa de Arousa, A	84,0	1
Meaño	96,6	4
Meis	129,6	7,5
Ribadumia	108,1	7,5
Sanxenxo	90,9	3
Vilagarcía de Arousa	86,1	2
Vilanova de Arousa	103,8	7,5

Cando se trate dun **proxecto de ámbito supramunicipal**, este recibirá neste apartado a puntuación do concello coa puntuación máis alta.

5.2.3.1.3 *Núcleos ou entidades de poboación onde se localiza o proxecto. (Max. 10 puntos).*

DEFINICIÓN: Valorarase neste punto o tamaño dos núcleos de poboación onde se localizará fundamentalmente o proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación terá unha relación inversa co tamaño dos núcleos, así será maior canto menor sexa o tamaño do núcleo de poboación onde se localice o proxecto ou actuación.

Aspectos	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Núcleo ou entidades de poboación (habitantes) ano 2007	10	Menor ou igual a 50 hab.	10
		Entre 51 e 100 hab.	9
		Entre 101 e 250 hab.	8
		Entre 251 e 500 hab.	6
		Entre 501 e 1000 hab.	4
		Entre 1001 e 1500 hab.	2
		Entre 1501 e 1999 hab.	1
		Maior de 2000 hab.	0

Cando se trate dun **proxecto que se realice en varias entidades de poboación ou lugares**, este recibirá neste apartado a puntuación do lugar/entidade de poboación coa puntuación máis alta.

5.2.3.1.4 **Outros criterios xeográficos. (Max. 5 puntos)**

DEFINICIÓN: Valoraranse aspectos relativos a situación xeográfica da actuación como pode ser se é un Espazo Natural Protexido.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación farase en base aos dous aspectos mencionados. Se a localización da actuación é un Espazo Natural Protexido outorgaráselle a máxima puntuación (5 puntos).

Aspectos	Puntuación Máxima
Espazo Natural Protexido	5

5.2.3.2.- **Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. (Max. 20 puntos)**

Os criterios que se valorarán en relación as características do promotor da actuación/proxecto serán:

Características do promotor e ámbito de actuación	Puntuación Máxima
Características do promotor público	18
Características do promotor privado	18
Uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto	2
TOTAL PUNTUACIÓN	20

5.2.3.2.1 **Características do promotor e do proxecto no caso de promotores públicos. (Max. 18 puntos acumulables).**

DEFINICIÓN: Realizarase unha valoración do ámbito de actuación, do tipo de ente promotor que levará a cabo o proxecto, do efecto sobre a vertebración do territorio e do efecto sobre a planificación das dotacións e dos servizos públicos.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociado unha puntuación máxima, que é acumulable, de forma que sumadas todas as puntuacións obtidas nos 4 criterios deben sumar un máximo de 18 puntos.

En relación aos dous primeiros aspectos, ámbito de actuación e tipo de ente promotor que levará a cabo o proxecto, amósase na táboa seguinte o baremo de aplicación.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Ámbito de Actuación do proxecto	4	Supramunicipal	4
		Municipal	3
Ente promotor	4	Supramunicipal	4
		Municipal	3

Por outra banda, valorarase a aqueles promotores que fomenten o equilibrio territorial, favorecendo a equidistribución das rendas e da poboación considerando este aspecto a través do ámbito das actuacións e tamén o carácter supramunicipal do ente promotor da actuación.

Tamén se valorará especialmente a aqueles proxectos que impliquen a potenciación da vertebración do territorio (infraestruturas e equipamento de parques empresariais, vías de comunicación, telecomunicación, dotacións para residencias e vivendas, enerxía, xestión de residuos, transportes públicos e equipamentos sociais), así como a planificación de dotacións e servizos públicos da zona (servizos relacionados coas infraestruturas e equipamentos anteriores).

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Potenciación da vertebración do territorio	5	Proxecto que inciden en infraestruturas e equipamento de parques empresariais, vías de comunicación, telecomunicación, dotacións para residencias e vivendas, enerxía, xestión de residuos, transportes públicos e equipamentos sociais.	5
Planificación das dotacións e servizos públicos	5	Proxecto que incide neste aspecto	5

5.2.3.2.2 Características do promotor no caso de promotores privados. (Max. 18 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valorarase si o promotor é individual ou colectivo. Entenderase por **promotor individual** as Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física e por **promotores colectivos** o resto de promotores (empresas formadas por mais dun socio, cooperativas, empresas de economía social, concellos, asociacións, comunidades de montes, ...). Outro aspecto a valorar é o peso nas entidades promotoras de determinados colectivos (mulleres, mozos,...).

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación máxima que ten asociado cada un dos 3 aspectos neste criterio é acumulable, e móstrase nas táboas seguintes.

A puntuación do ámbito de actuación do proxecto/actuación vai a depender de se o proxecto é de carácter supramunicipal (abrange varios municipios) ou de carácter municipal.

Tramos de valoración do ámbito de actuación	Puntuación Máxima por Tramo
Supramunicipal	5
Municipal	3

Para determinar a puntuación en función do número de promotores que impulsan o proxecto establecéronse dous tramos de valoración, tal como mostra a táboa seguinte.

Tramos de valoración do número de promotores	Puntuación Máxima por Tramo
Individual (Persoa Física e Xurídica cun único socio, no caso de que esa persoa Xurídica teña como único socio outra empresa, considerarase individual se esta última está constituída por un único socio persoa física)	1
Colectivo (resto de promotores)	3

Por outra banda, valorarase en maior medida que os promotores que presenten actuacións sexan colectivos de mulleres (menor ou igual de 30 anos), mozos/mozas, persoas con discapacidade, persoas maiores (maiores 65 anos) ou inmigrantes.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Tipoloxía do colectivo que promove a actuación ou proxecto	10	Colectivos de mulleres, mozos/mozas (< ou = de 30 anos), persoas con discapacidade, persoas maiores (> de 65 anos) ou inmigrantes	10

5.2.3.2.3 *Uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto. (Max. 2 puntos).*

DEFINICIÓN: Valorarase o uso do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

A puntuación será outorgada en base ao uso ou non do galego por parte do promotor na execución ou desenvolvemento do proxecto (de acordo co previsto no artigo 20.2.I da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Factores de Valoración	Puntuación Máxima
Uso do galego na execución ou desenvolvemento do proxecto	2

5.2.3.3.- Impacto sobre o territorio. (Max. 40 puntos).

Finalmente, o último bloque de criterios contemplados a hora de valorar os proxectos son os relativos ao impacto que os mesmos teñen sobre o territorio, e que son:

Impacto sobre o territorio	Puntuación Máxima
Poboación beneficiada e mellora da calidade de vida	20
Xurdimento de novas iniciativas empresariais e creación de emprego	10
Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver	5
Incidencia sobre colectivos determinados	5
TOTAL PUNTUACIÓN	40

5.2.3.3.1 *Poboación beneficiada e mellora da calidade de vida. (Max. 20 puntos acumulables).*

DEFINICIÓN: Valoraranse dous aspectos, a poboación beneficiada co proxecto e a mellora da súa calidade de vida.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

O primeiro aspecto tido en conta é a poboación beneficiada co proxecto, que se diferenciará entre proxectos que benefician á toda a poboación en xeral e os proxectos que benefician a un grupo de persoas en concreto. Establécese a puntuación que se recollen na táboa seguinte:

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Nº de persoas beneficiadas	10	Poboación en Xeral	10
		Grupo de persoas determinado (socios dunha entidade)	7

Para medir o impacto na calidade de vida da poboación analizaranse aspectos como: acceso a novos bens e servizos por parte da poboación, incremento do nivel educativo ou das capacidades dos individuos, conciliación da vida familiar e laboral, integración de discapacitados, actividades de ocio e tempo libre.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Impacto na calidade de vida da poboación: (acceso a novos bens e servizos por parte da poboación, incremento do nivel educativo ou das capacidades dos individuos, conciliación da vida familiar e laboral, integración de discapacitados, actividades de ocio e tempo libre).	10	Incide positivamente en máis de 2 dos anteriores aspectos	10
		Incide positivamente en 2 ou menos dos anteriores aspectos	7

5.2.3.3.2 Xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego. (Max. 10 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Este criterio valorará dous aspectos, a capacidade para xerar novas iniciativas na zona e a creación do emprego, xa que se pretende potenciar o

emprego estable na comarca dada a negativa evolución dos índices de desemprego.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Cada aspecto neste criterio ten asociada unha puntuación máxima, que é acumulable secuencialmente. A puntuación máxima para cada un destes aspectos móstrase nas táboas seguintes.

O primeiro aspecto a valorar neste criterio e a capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona, outorgándolle un máximo de 3 puntos en base a escala que se inclúe a continuación.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona	3	Non se desenvolve na actualidade unha actividade ou servizo similar no concello	3

Como segundo aspecto valorarase o número de empregos creados, diferenciando os de carácter fixo dos de carácter eventual. Para establecer a puntuación máxima realizouse unha matriz onde por un lado se indican o número de postos de traballo creados e polo outro a permanencia ou eventualidade do contrato. A cada cruce déuselle unha puntuación máxima, primando sempre a creación do emprego estable e o maior número de postos creados (**Postos de traballo equivalentes a tempo completo**, entendido isto como o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo).

		Número de postos creados		
		Menor ou igual a 2	Máis de 2 e menor ou igual a 4	Máis de 4
Tipo de empregos creados	Fixos	3	5	7
	Eventuais	1	3	5

NOTA: no caso non crear ningún posto de traballo outorgarase 0 puntos.

5.2.3.3.3 Incidencia medioambiental da actuación a desenvolver. (Max. 7 puntos acumulables).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado a contribución á biodiversidade e conservación do hábitat, xestión dos recursos hídricos, a contribución á prevención de incendios e a utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto.

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valorarase en xeral diversos aspectos que se detallan na táboa seguinte.

Factores de Valoración	Tramos de Valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Recuperación de entornos degradados	Si aplicable	3
Utilización de Sistemas de Reciclaxe no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Si aplicable	2
Contribución á prevención de incendios na zona	Si aplicable	2
Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade	Si aplicable	3
% do orzamento adicado a temas medioambientais	Maior ou igual ao 50%	3
	Maior ao 0% e menor ao 50%	2

5.2.3.3.4 Incidencia sobre colectivos determinados. (Max. 3 puntos).

DEFINICIÓN: Valoraranse neste apartado a incidencia que as actuacións teñan sobre determinados colectivos (mulleres, mocidade, integración de colectivos de especial dificultade,...)

METODOLOXÍA DA VALORACIÓN:

Valoraranse diferentes factores que se detallan na táboa seguinte. Collerase a puntuación máis alta obtida nalgún dos tres aspectos formulados.

Factores de Valoración	Puntuación Máxima	Tramos de valoración	Puntuación Máxima por Tramo
Principal colectivo ao que van dirixidas as actuacións da entidade	3	Colectivos de mulleres, mozos/mozas (< ou = 30 anos), persoas con discapacidade, persoas maiores (>65 anos), inmigrantes ou parados.	3

5.2.4.-Regras básicas.

No baremo determináronse os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos a considerar en cada criterio, do xeito máis obxectivo posible, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar un proxecto.

A continuación, aplicaranse diferentes regras básicas para traducir esa puntuación obtida no baremo nunha porcentaxe de axuda determinada, segundo se trate de proxectos produtivos ou de proxectos non produtivos.

5.2.4.1.- Para proxectos produtivos.

Para proxectos produtivos esixirase un mínimo de 20 puntos ou mais para que o proxecto sexa subvencionable, a porcentaxe de axuda para esta nota de corte será do 20%. A partir deste mínimo e ata 69 puntos repartirase proporcionalmente a porcentaxe de subvención entre os puntos acadados e, por último, entre os 70 e os 100 puntos o proxecto acadará a contía máxima de subvencionalidade (que quedou establecida no 45%).

A porcentaxe de axuda entre o máximo (45%) e o mínimo (20%), unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda

máxima, calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal. Así, a regra de calculo a seguir é a seguinte:

$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{25}{50} \right] + 20 = \% \text{ de subvencionalidade ata 69 puntos}$$

↓ A
↑ B₁
↑ C
↓ B₂

A = puntos mínimos para ser subvencionado
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable
 C = % de subvención mínima

Así, por exemplo, na táboa seguinte recóllese a puntuación que obterían proxectos en base aos puntos acadados no baremo.

Puntos do proxecto no baremo	% de subvencionalidade
< 20	Non subvencionable
20	20,0%
30	25,0%
50	35,0%
60	40,0%
De 70 a 100	45,0%

5.2.4.2.- Para proxectos non produtivos.

Para os proxectos non produtivos establecerase unha escala de porcentaxes de axuda diferente para cada un das categorías de priorización dos proxectos, de tal modo que en cada categoría a porcentaxe máxima de axuda se corresponda co tope fixado para a mesma.

As categorías de priorización dos proxectos, ás que corresponden as intensidades máximas de axuda indicadas en cada caso, son as que se inclúen a continuación.

A porcentaxe de axuda entre o máximo (100%, 70% ou 50%) e o mínimo (40%), unha vez definidas a nota de corte (20 puntos) e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (entre 70 e 100 puntos), calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a unha cifra decimal. Así, a regra de calculo a seguir é a seguinte:

$$\left[(\text{puntos do proxecto} - 20) \times \frac{60}{50} \right] + 40 = \% \text{ de subvencionalidade}$$

↓ A
↑ B₁
↓ B₂
↑ C

A = puntos mínimos para ser subvencionado
 B₁ = valor en porcentaxe da diferenza entre o máximo subvencionable e a porcentaxe mínima
 B₂ = diferenza entre o valor de punto do baremo a partir do cal se acada a máxima subvención e o valor de puntos de baremo mínimo para que sexa subvencionable
 C = % de subvención mínima

Exemplo de aplicación do baremo:

Puntos do proxecto	% de subvencionalidade
< 20	Non subvencionable
20	40,0%
30	52,0%
50	76,0%
60	88,0%
De 70 a 100	100,0%

A puntuación obtida aplicando esta regra de cálculo, terá en todo caso, as seguintes limitacións máximas de intensidade de axuda en función da tipoloxía do proxecto que se indica a continuación:

MÁXIMOS SUBVENCIONABLES POR TIPOLOXÍAS

Proxectos non produtivos de prioridade ALTA. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 100%:

- Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación.
- Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- Proxectos de ámbito comarcal e postos en marcha por entidades supramunicipais, que supoñan unha promoción e valorización dos recursos do territorio (tales como edición de libros, mapas, guías, páxinas web, eventos, certames e concursos, agás asistencia a feiras).

Proxectos non produtivos de prioridade MEDIA. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 70%:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Outros proxectos non produtivos. A intensidade máxima de axuda neste tipo de proxectos será de ata o 50%:

- Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valoración dos recursos do territorio.